



# Global express

A actualidade na aula


## Afganistán: ¿Guerra contra o terrorismo?



O futuro é máis incerto e o mundo un lugar máis inseguro despois dos atentados contra as Torres Xemelgas en Nova York e trala guerra que, de momento, puxo no punto de mira a Afganistán.

Esta edición de Global Express analiza a cobertura mediática da crise, as respostas políticas ós atentados e á guerra, e mailo aumento da xenofobia contra cidadáns musulmáns.

# Os medios informan da traxedia




O pasado 11 de setembro ninguén daba crédito ó que estaba vendo ou escoitando. ¿Quen podía estar atacando Estados Unidos? A penas dez minutos despois do primeiro impacto contra as Torres Xemelgas de Nova York había centos de millóns de persoas pegadas ó televisor, sen poder aparta-las súas miradas atónitas ante a magnitude do acontecemento.

Desde entón, os medios de comunicación infórmanos a diario sobre a guerra contra o terrorismo que, baixo o lema "Liberdade

duradeira", pretende converte-lo mundo nun lugar máis seguro. Estímase que uns 3.000 correspondentes están desprazados na zona do conflito. A pesar diso, a versión dos feitos que estes xornalistas transmitiron ata a data foi moi parcial, posto que a situación de guerra e maila censura imposta polas partes involucradas no conflito impediulles acceder a outras fontes que non sexan as oficiais ou achegarse á realidade dos afgáns que sufriron os bombardeos.

## No todos pensámo-lo mesmo



A pesar da condena maioritaria dos atentados, non todo o mundo aproba a guerra contra Afganistán. En Estados Unidos, uns días despois dos ataques, algunhas cadeas de radio e de televisión censuraban cancións como o Imagine de Lennon, e denunciaban a intelectuais como Susan Sontag ou Noam Chomsky polas súas críticas á actuación do goberno. Pero ó mesmo tempo, 150 universidades mobilizábanse reclamando unha resposta pacífica ó terrorismo, as diferentes igrexas uníanse para pedir que prevalecese a cordura e centos de milleiros de cartas de cidadáns de todo o país pedíanlle ó seu presidente que non declarase a guerra.

En América Latina tamén aparecían voces disonantes das oficiais. "Hoxe comezou unha guerra que vai cubrir con cemiterios todo o planeta", escribía João Pedro Stedile, un dos líderes do Movemento Sen Terra de Brasil. Escritores como o mexicano Carlos Fuentes, o uruguaio Eduardo Galeano e moitos outros expresaron o seu temor a que os ataques militares conduzan a un incendio xeopolítico que reavive os vellos fantasmas da guerra fría. "Nós rexeitámo-la dobre moral coa que a agresión militar se apoia en operacións humanitarias destruindo as vivendas de milleiros de homes, mulleres e nenos en Afganistán", escribínlle os tres premios Nobel da paz Mairead Corrigan Maguire, Adolfo Pérez Esquivel e Rigoberta Menchú, ó seu recentemente laureado colega Kofi Annan, secretario xeral da ONU. O investigador Leo Gabriel do Instituto Ludwig-Boltzmann de Viena para América Latina escribía: "...a espiral de vinganza nunca leva á paz. Soamente se os conflitos sociais, políticos e culturais entre o norte, oriente e o sur se atacan desde a raíz se poderá substituí-lo caos actual por unha orde mundial máis xusta."

Outras voces incluso argumentaron que os atentados non son máis que o froito da política exterior estadounidense dos últimos anos. O xesuíta J. I. González Faus citaba en La Vanguardia unha relixiosa angolana: "ás veces, sentín rabia contra Estados Unidos; pero é tanto o que temos sufrido, que non llo desexo

a ninguén, nin sequera a este país que tanta culpa ten do noso calvario". O investigador da paz noruegués John Galtung, lembra que "desde a fin da II Guerra Mundial, Estados Unidos realizou 228 intervencións militares sen mandato da ONU" e engade que "coa axuda da CIA perderon a vida 7 millóns de homes, mulleres e nenos, soamente entre 1949 e 1987".

### Son moitos os que din **NO** á guerra

A penas un mes despois dos atentados xa xurdiran cerca de mil coalicións pola paz en máis de 60 países. Máis dun millón de persoas manifestáranse contra a violencia militar nunhas 460 protestas (139 en EUA) e as principais cidades europeas foron escenario de infinidade de protestas contra a guerra porque, como dixo un orador en Madrid, "os bombardeos non son lexítima defensa senón ilexítima vinganza". As máis numerosas tiveron lugar en Italia, onde 250 mil persoas marcharon pola paz. En Berlín cerca de 30 mil persoas manifestáronse contra a guerra. "O horror da Segunda Guerra Mundial fíxonos ós alemáns moi cautos", afirmou a doutora Hannes Wand. A todas estas manifestacións hai que engadi-las protestas antiestadounidenses que se sucederon en Paquistán, Indonesia, Filipinas, Malaisia, India e Oriente Medio.

# Musulmáns baixo sospeita



"A pesar da condena xeneralizada dos países árabes e musulmáns ós ataques do 11 de setembro, os líderes son conscientes do pouco que poden facer para calma-la rabia dos seus pobos contra Estados Unidos", escribía Reem Haddad para a prestixiosa revista New Internationalist. Se ben moitos musulmáns sinalan co dedo a Estados Unidos e a Occidente como responsables da situación dos seus irmáns palestinos e iraquís, a maioría non apoia os actos de violencia extrema. A pesar de todo iso, os acontecementos de setembro polarizaron as opinións, especialmente despois de que George W. Bush declarase que "se está con eles ou con nós", nun evidente xesto de declarar como inimigos, e polo tanto vulnerables ás accións de represalia e vinganza estadounidenses, os que non se unisen á súa causa.

## Aumento da xenofobia

O xeque Yusuf Al-Qaradawi, un recoñecido estudioso do islam, lémbra-nos que a súa é "unha relixión de tolerancia, ten o espírito humano en alta estima e considera que os ataques

contra persoas inocentes son un pecado grave". Así o reflicte o versículo coránico que di: "quen matase un ser humano, excepto que se trate dun homicidio involuntario ou por corrupción sobre a terra, será como se tivese matado toda a humanidade, e aquel que salvase aínda que tan só fose unha única vida será como se tivese salvado toda a humanidade" (Al Ma'dah: 32)".

A pesar diso, os receos e mesmo as agresións contra cidadáns musulmáns aumentaron en moitos países por mor dos ataques contra Estados Unidos. Mentres o presidente Bush e mailo primeiro ministro Blair se entrevistaron con dirixentes da comunidade islámica dos seus respectivos países, en España aínda non se realizou ningún xesto institucional de achegamento á comunidade musulmana a pesar da súa crecente presenza na nosa sociedade. Aínda que de pouco serve que os gobernos lancen proclamas contra o racismo mentres siga o bombardeo mediático sobre a responsabilidade musulmana na hecatombe do 11 de setembro.

# Crenzas e estereotipos sobre o islam



Moitos non musulmáns cren que tódolos árabes son musulmáns. Pero en países árabes como Exipto, Iraq, Siria ou Irán existen outros grupos relixiosos. O 15% dos palestinos, por exemplo, son cristiáns. E en países non árabes como Irán, Paquistán, Bangla Desh, Malaisia, Indonesia e outros países da África Subsahariana, a maioría da poboación é musulmana.



Para os non musulmáns a cultura islámica é inamovible, monolítica e sen diversidade. Pero dentro do mundo islámico hai un debate aberto sobre conceptos como os dereitos humanos e as liberdades civís, así como a relación con outras crenzas relixiosas.



Creemos que é unha ameaza para o mundo occidental. Occidente a miúdo representa unha ameaza para os valores éticos e morais do islam. Pero iso no significa que tódolos musulmáns se opoñan ó modelo de sociedade occidental.




Creemos que a cultura musulmana maltrata a muller. A maioría das relixións e das culturas no foron quen de erradicar totalmente a discriminación de xénero nin a desigualdade nas relacións entre mulleres e homes. E aínda que é certo que nalgúns países islámicos se conculcan sistematicamente os dereitos da muller, noutros como Exipto, Libia, Líbano e Irán a participación da muller na vida política, social e económica é un feito. Para moitos islamistas, a discriminación da muller é o resultado dunha interpretación distorsionada da fe islámica, que de ningún modo recolle o Corán.



Creemos que os musulmáns defenden a guerra santa. O concepto de guerra santa ou Yihad foi desvirtuado pola súa asociación coa loita armada. Pero Yihad significa esforzarse por ser un bo musulmán e propaga-la fe. Esta propagación debe facerse a través da convicción e nunca da coerción.

# En nome da seguridade, as liberdades civís en dúbida



Os defensores das liberdades civís en Estados Unidos temen que a desesperación por atalla-lo terrorismo sirva de escusa para restrinxi-los dereitos dos cidadáns. De feito, o goberno introduciu medidas de emerxencia que restrinxen os dereitos dos inmigrantes e lles dan maiores poderes ás forzas de seguridade. A nova acta antiterrorista 2001 amplía a definición de terrorista a calquera individuo que provea de material de apoio a calquera organización terrorista mesmo cando a persoa ignore que está colaborando. O 22 de outubro o FBI tiña detidas 830 persoas, a maioría acusadas de ser "testemuñas materiais". Por esta razón poden permanecer no cárcere indefinidamente sen probas nin cargos formais. Os detidos son maioritariamente árabes e o principal delicto dalgúns deles é que o seu apelido é similar ó dos presuntos piratas aéreos. Outros tiveron a mala

sorte de seren veciños ou ir orar á mesma mesquita.

Algúns países europeos como Holanda, o Reino Unido ou España tamén aproveitaron a conxuntura para reforzaren as súas políticas de control social. Millóns de persoas en todo o mundo pediron unha resposta ó terrorismo baseada na xustiza e non na vinganza. Iso significa esixir probas e un xuízo con garantías para os presuntos responsables. Aínda hoxe está por probar que Ben Laden e o seu movemento Al Qaeda sexan os únicos responsables dos atentados ou que Afganistán sexa o principal refuxio dos terroristas islamistas. En calquera caso, o fervor por un maior control social ameaza os logros de décadas de loita polos dereitos civís. Entre estes, o dereito a pensar diferente, a dicilo e a face-lo posible para que as cosas cambien pacificamente.

## Glosario:

¿De que falamos cando o facemos de...

**Liberdades civís?:** son o límite á intervención do Estado e protexen aquelas áreas da vida consideradas privadas.

**Sociedade civil?:** os cidadáns e as cidadás organizados en entidades e organizacións que non están baixo control do Estado e que xogan un papel activo e fundamental en calquera sistema democrático.

**Dereitos humanos?:** os dereitos que tódalas persoas temos por mor da nosa condición de seres humanos, e á marxe das leis que existan no país en que vivimos: o dereito á vida, á educación e á saúde, á alimentación, á liberdade, etc.

**Terrorismo?:** violencia sistemática contra un poder establecido para a consecución de determinados obxectivos políticos. Cada goberno aplica unha definición propia de terrorismo. Así, o réxime sudafricano do "apartheid" consideraba a Nelson Mandela como terrorista, aínda que a súa loita era polo dereito dun pobo a vivir con dignidade. Non hai que esquecer que tamén hai algúns estados terroristas, como o nazi.

**Tolerancia?:** a vontade de non discriminar a ninguén polo seu credo relixioso ou polas opinións políticas. Tolerancia significa que unha persoa respecta que outra sexa ou faga cousas diferentes. Pero iso non significa que as acepte. Nas sociedades multiculturais a tolerancia permite mante-la paz, pero non garante a igualdade. Neste sentido, o premio Nobel portugués, José Saramago, ofrécenos outra palabra: igualtancia.

**Xenofobia?:** temor e/ou odio cara ós estranxeiros.

# Guía didáctica

## Guía didáctica

A proposta que achegamos vai dirixida ó alumnado de educación secundaria. As actividades poden ser de utilidade para a área de sociais de ética, titorías ou relixión. Así como para calquera docente interesado no tema.

O obxectivo desta proposta é recoñecer e identifica-la gran variedade de factores e actores que interveñen en calquera conflito armado, evitando con isto a simplificación maniqueísta á que nos teñen acostumados algúns medios de comunicación social.

AUTOR: FERRAN POLO

### Actividade nº 1:

#### Análise de imaxes

**Obxectivo:** facer aflora-los sentimentos que xeran as imaxes presentadas e descubrir que quen máis padece os conflitos armados é a poboación civil.

**Orientacións:** as fotos 1 e 2 amosan como a poboación civil sofre as consecuencias dos conflitos armados. A foto 3 presenta as persoas que cren e que defenden que a guerra nunca é a solución a estes problemas. Antes de responder ás preguntas aconséllase facer unha descrición das imaxes presentadas. Posteriormente formularase a pregunta 4 que se responderá unha vez levada a cabo a análise da situación a través das seguintes actividades.

### Actividade nº 2:

#### ¿Quen se beneficia desta “guerra contra o terrorismo”?

**Obxectivo:** identificar tres intereses distintos (de entre outros moitos: xeoestratéxicos, étnicos...) que interveñen no actual conflito en Afganistán.

**Orientacións:** recoméndase comentar colectivamente as informacións para pasar ás respostas individuais.

Na primeira actividade (5) e unha vez lidos os textos informativos preténdese que o alumnado identifique qué hai detrás da “nova ruta da seda negra”. O cartel da película pode aproveitarse para comentar cómo os talibán foron fomentados por EEUU, Paquistán e Arabia Saudita. O mapa que se presenta, ademais de localizar xeograficamente a zona en conflito pode usarse para visualiza-las saídas de gasoductos de Turkmenistan, alternativas á vía rusa ó mar Caspio ou á vía iraniana que dá ó golfo Pérsico.

A seguinte actividade (6) baséase na lectura dos titulares da prensa e dun cómic. Preténdese identificar outros intereses, como o comercio de armas, o fomento da industria armamentística....

A actividade seguinte (7) ten como obxectivo que o alumnado a través dun mapa descubra que hai moitos países nos que actúan grupos islámicos extremistas armados. Al Qaeda pretende que moitos destes países instauren réximes similares ó talibán. As reaccións dos diferentes gobernos foron de gran violencia

fronte ás numerosas manifestacións a prol deste réxime. Sería moi oportuno unha aproximación á gran variedade de modelos de goberno nos diferentes países islámicos (laicos, coa lei coránica contemplada na constitución...) así como as diferentes prácticas do Corán (sunnitas, xiítas, wahabitas, sufís...)

A partir da lectura da entrevista preténdese que o alumnado identifique os obxectivos políticos e mailas estratexias de Al Qaeda como beneficiarios desta crise.

### Actividade nº 3:

#### ¿Quen son os perdedores desta “guerra contra o terrorismo”?

**Obxectivo:** recoñecer que é a poboación civil quen máis sofre as consecuencias dos conflitos armados.

**Orientacións:** recoméndase analiza-los datos cuantitativos do mapa para evidencia-lo drama da poboación. Pero non podemos quedar en meras cifras, hai que intentar imaxinar, descubri-lo sufrimento da poboación que se ve obrigada a fuxir.

Co cómic preténdese evidenciar unha vez máis que a poboación civil é quen máis sofre as consecuencias dos conflitos armados.

Unha vez analizados os actores beneficiarios do conflito así como as poboacións que sofren as consecuencias do mesmo, podemos volver á pregunta nº 4 da actividade inicial: ¿Por que cres que as persoas da foto 3 din “Non á guerra”?

### Actividade nº 4

#### ¿Qué podemos hacer?

**Obxectivo:** fomenta-lo espírito crítico e participativo do alumnado ante os acontecementos mundiais. Potenciar actitudes críticas fronte á violencia e á cultura da guerra

**Orientacións:** propóñense catro temas de fondo para debater. O grupo da clase pode dividirse en catro e asumilos todos. Cada grupo deberá presenta-las súas conclusións en forma de mural e expoñerllelas ó resto dos compañeiros e compañeiras.

# Libros de interese:

## Libros de interese:

### El grito silenciado

Ana Tortajada  
Ed. Grijalbo Mondadori  
2001  
269 páxinas

### Un invierno en Kandahar

Ana Mª Briongos  
Ed. Laertes  
2000  
280 páxinas

### Más allá del Islam

Antoni Segura  
Alianza Editorial  
2001  
408 páxinas

### Los talibán

Ahmed Rashid  
Ed. Península  
2001  
384 páxinas

# Páxinas web:

## Páxinas web:

### Sobre Afganistán e o conflito actual (en español)

<http://www.onu.org/paises/afganistan.htm>  
<http://www.guiadelmundo.org/gdm2001/cd/countries/afganistan/sinopsis.html>  
<http://www.sigloxx.net/Afganistan/datosbasicos/afginicia.htm>  
<http://es.fc.yahoo.com/a/afganistan.html>  
<http://www.rebellion.org>

### Otras páxinas interesantes (en español):

<http://www.IntermonOxfam.org>  
<http://www.ehu.es/hegoa>  
<http://www.fuhem.es/cip/confli.html>

### Otras páxinas interesantes (en inglés)

<http://www.oxfam.org.uk>  
<http://www.panos.org.uk>  
<http://www.media-awareness.ca>  
<http://www.childrennow.org>  
<http://www.rawa.org>

### Tamén podes visita-la páxina de Global Express (en inglés)

<http://www.dep.org.uk/globalexpress>

**¡Visita a nosa web e descarga o Global Express!**

**[www.IntermonOxfam.org/educar/global](http://www.IntermonOxfam.org/educar/global)**

Global Express pretende xerar preguntas entre os alumnos e as alumnas das nosas escolas sobre o que contan os medios de comunicación. Trátase de promover unha visión crítica da realidade que lles permita comprende-lo estado do mundo e, en especial, da situación do mundo en desenvolvemento.

Global Express es una iniciativa de: Development Education Project (Reino Unido), Panos Institute (Reino Unido), Centrum voor Mondiaal Onderwijs (Holanda), Centro Educazione Mondialità (Italia) e Intermón Oxfam (España).

Global Express está financiado por la Unión Europea